



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 22 DE XUÑO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola Consellería de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de Planeamento Municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da Autovía do Barbanza
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo traxecto de construción. Actuacións de seguranza viaria na estrada PO-200. Treito: Laro-Aciveiro

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se deixa sen efecto o Decreto 282/1997, do 1 de outubro, polo que se crea a Medalla e Placa ao Mérito Sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se outorga unha concesión definitiva do servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, de carácter comercial.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Fundación Galicia Emigración, para o desenvolvemento de actuacións propias da Fundación para o ano 2006
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Confederación de Empresarios de Galicia en materia de normalización lingüística para o ano 2006
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela para continuar coa implementación dun programa de actuacións en materia de investigación lingüística para o ano 2006 a través do Instituto da Lingua Galega

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun proxecto de investigación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e a Universidade da Coruña para a realización dun proxecto de investigación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e a Universidade de Santiago de Compostela para a obtención de apoio metodolóxico no proceso de elaboración do MIOGAL-2005



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a resolución do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito A Coruña-A Barcala da autoestrada AP-9 para os residentes na provincia da Coruña
- Acordo polo que se autoriza a resolución do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito O Morrazo-Vigo da autoestrada AP-9 para os residentes na provincia de Pontevedra
- Acordo polo que se autoriza a resolución do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia para o funcionamento dunha tarxeta ou outro dispositivo electrónico para a subvención da peaxe no treito A Coruña-A Barcala
- Acordo polo que se autoriza a resolución do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e Caixanova para o funcionamento dunha tarxeta ou outro dispositivo electrónico para a subvención da peaxe no treito Vigo-O Morrazo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mondoñedo para a construción dunha pista polideportiva no CEIP Álvaro Cunqueiro Mora

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta, a Sociedade Anónima de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Forestal de Galicia para a realización de traballos dentro do proxecto ENERSILVA (SO2/2.1/E39), que se encadra na iniciativa comunitaria Interreg III B Sudoeste
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL-Ordes...Vilariño de Conso)

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo de convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, a de Vigo e a da Coruña, para a realización da iniciativa: " estudo avaliativo das necesidades e demandas formativas dos responsables técnicos da xestión e acción cultural en Galicia"

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe de oitocentos sete mil cento doce euros con trinta e oito céntimos .

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se adoptan determinadas medidas sobre o Plan Sectorial de Ordenación Territorial de parques de tecnoloxía alimentaria na costa galega.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Sarria para a execución das obras: "actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Mellora dos colectores xerais en Sarria (Lugo)"por importe de setecentos vinte e seis mil cinco euros e oitenta e catro céntimos



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de San Cristovo de Cea para a execución das obras: “mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Melloras no abastecemento de auga a San Cristovo de Cea (Ourense)” por importe de douscentos cinco mil oitocentos dez euros e trinta e catro céntimos
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cesuras, para a execución das obras: “Outras actuacións. Dotación de servizos de abastecemento. Ampliación da rede de abastecemento de auga no Concello de Cesuras. 3ª fase. Cesuras (A Coruña)” por importe de catrocentos setenta e tres mil setecentos vinte e oito euros e once céntimos (473.728,11€)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello do Carballiño para a execución das obras: “Actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Renovación das redes de auga e saneamento na rúa Marcelino Parrondo. O Carballiño (Ourense)”, clave OH.532.538 por importe de trescentos dezaoto mil trescentos sesenta e dous euros e oitenta céntimos
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Curtis para a execución das obras: “Plan de saneamento. Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Curtis (A Coruña)” por importe dun millón trescentos dezaseis mil catrocentos corenta e catro euros e setenta e un céntimos-

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a sinatura dun convenio de colaboración coas tres universidades galegas e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do programa Empresa-Concepto

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta sobre a convocatoria de axudas para o alumnado no estranxeiro

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe da situación da muller no mercado de traballo galego



ÁNGEL CARRACEDO ÁLVAREZ, OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ E AVELINO POUSA ANTELO, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2006

▪ *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción*

O Goberno galego aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2006, coa cal a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo no eido artístico, literario ou de calquera outra faceta da actividade humana. Deste xeito, o decreto aprobado hoxe acorda distinguir o médico Ángel Carracedo, a arquiteira e membro da Real Academia Galega, Olga Gallego Domínguez, e o presidente da *Fundación Castelao* Avelino Pousa Antelo, coa Medalla Castelao 2006.

Nacido en 1955 en Santa Comba, Ángel Carracedo Álvarez licenciouse en Medicina no ano 1978, obtendo o premio extraordinario de licenciatura e acadando o doutoramento no ano 1982. Ángel Carracedo completou a súa formación en Suecia, Estados Unidos e noutros países de América, Asia e Europa. Na actualidade é catedrático de medicina legal na Facultade de Medicina de Santiago. Foi director do Instituto de Medicina Legal de Santiago de Compostela, do Servizo de Xenética Forense e, desde 1999, da Unidade de Medicina Molecular da Fundación Ingo.

A Xunta decidiu distinguir a Ángel Carracedo Álvarez coa Medalla Castelao para recoñecer a súa valiosa contribución ao estudo da xenética, eido no que é recoñecido internacionalmente.

Olga Gallego Domínguez é licenciada en filosofía e letras, na sección de historia, e pertence ao corpo facultativo de arquiteiros, bibliotecarios e arqueólogos. Ao longo da súa vida desempeñou diferentes cargos como directora do arquivo da Delegación de Facenda e da Biblioteca Pública de Vigo, directora do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, presidenta do grupo de colaboradores Marcelo Macías do Museo Arqueolóxico de Ourense e académica de número da Real Academia desde 1985. Publicou diferentes obras e estudos, entre os que destacan *Guía de fontes documentales sobre montes de la provincia de Ourense*; *Archivo histórico provincial de Ourense. Catálogo de textos y disposiciones legales impresas*; ou *El archivo del monasterio de Celanova*, entre outras.

A Medalla Castelao 2006 a Olga Gallego Domínguez recoñece o seu labor a favor da cultura galega e a súa contribución no sector documental de Galicia.

O outro galardoado, Avelino Pousa Antelo, naceu en San Xoán de Barcala (A Baña-A Coruña), en 1914. Cursou seis anos na Universidade Pontificia Compostelá, maxisterio en Santiago, dous cursos de comercio en Lugo e xerente de cooperativas en Zaragoza. Afiliado ás Mocidades Galeguistas, tomou parte na propaganda do



Estatuto de autonomía de 1936. Foi, ademais, agrarista e cooperativista, director da Escola Agrícola da Granxa Barreiros de Sarria e técnico de laboratorio do *Cabildo Insular* de Tenerife. Autor de numerosos artigos e libros, na actualidade é presidente da *Fundación Castelao*.

O recoñecemento a Avelino Pousa Antelo, realizado pola Xunta de Galicia coa concesión da Medalla Castelao, polo seu traballo a prol do desenvolvemento do agro en Galicia e a súa defensa e promoción dos valores galeguistas.

A Medalla Castelao foi creada en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao o 28 de xuño dese ano. O decreto de creación deste galardón sinala que a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das obras e do labor dos premiados con este recoñecemento debe ser o froito da entrega dunha vida, e o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e no ser dun pobo.



OS CIDADÁNS PODERÁN EFECTUAR OS INGRESOS XESTIONADOS POR ECONOMÍA A TRAVÉS DE DIVERSAS ENTIDADES DE CRÉDITO

- *O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta servirá para facilitarles aos cidadáns os trámites administrativos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un decreto polo cal se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola Consellería de Economía e Facenda. Esta medida forma parte do plan de modernización e mellora de servizos destinado a incrementar o achegamento ao cidadán facilitando e axilizando ao máximo os trámites administrativos.

A entrada en vigor deste decreto suporá que o pagamento das débedas tributarias e outros ingresos de dereito público administrados pola Consellería de Economía e Facenda se poderán realizar a través das entidades de crédito autorizadas para colaborar na recadación. Na actualidade estes ingresos tiñan que realizarse necesariamente no Servizo de Caixa das delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda e nas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario.

Ademais, as delegacións territoriais que determine a Consellería de Economía poderán contar cunha oficina dunha entidade colaboradora. Esta oficina asumirá, ademais das propias, as funcións establecidas no correspondente convenio coa consellería.

A colaboración coas entidades de crédito na recadación dos ingresos e as medidas adoptadas pola Consellería de Economía para potenciar a Administración electrónica constitúen un avance importante no proceso de modernización e mellora dos servizos administrativos destinados aos cidadáns.

No ámbito da Administración electrónica, a oficina virtual da Consellería de Economía e Facenda permite xa a tramitación, a través da internet, de todos os tributos cedidos que xestiona directamente, é dicir, transmisión patrimoniais e actos xurídicos documentados, e sucesións e doazóns; así como as taxas sobre o xogo. As melloras introducidas na denominada Administración electrónica permiten así un maior achegamento aos cidadáns, que poderán realizar os trámites dun xeito máis áxil e cómodo utilizando as novas tecnoloxías de que dispón o servizo en liña da Xunta. Nesa liña de maior eficacia, transparencia e axilidade, a xestión tributaria a través da oficina virtual permite evitar desprazamentos, dispor de liberdade total de horarios e contar cunha tramitación segura e aberta a calquera autoridade certificadora.



A XUNTA SUSPENDE AS NORMAS DE PLANEAMENTO DE VIVEIRO E APROBA UNHA ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROVISIONAL

- *Considera que o dito planeamento é incompatible coa preservación dos valores naturais, de patrimonio cultural e co desenvolvemento sustentable do territorio*
- *O novo ordenamento aplicarase ata a aprobación do futuro PXOM*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se establece a ordenación urbanística provisional, que estará vixente ata a entrada en vigor do futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Co acordo adoptado hoxe polo Goberno galego conclúe o proceso aberto o pasado 3 de abril, data en que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes iniciou o expediente para a suspensión das NNSSPM deste concello lugués, posto que o seu contido era incompatible coa lexislación urbanística vixente, é dicir, coa Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (máis coñecida como Lei do solo de Galicia) e coa Lei estatal 6/1998, de réxime do solo e valoracións.

O inicio do expediente levou parella a paralización do procedemento para outorgar licenzas de edificación, demolición e parcelamento.

Coa entrada en vigor da ordenación urbanística provisional -o mesmo día da publicación do decreto aprobado hoxe-, concluirá o bloqueo que pesaba sobre a concesión de licenzas.

A actuación da Xunta de Galicia prodúcese logo de que o Concello de Viveiro trasladase á CPTOPT a problemática que se estaba a derivar da aplicación das devanditas normas subsidiarias polo que, tras a súa análise por parte da consellería, esta decidiu iniciar o proceso de suspensión.

A decisión veu dada polo feito de que a execución do planeamento municipal era incompatible coa preservación dos valores naturais, coa defensa do patrimonio cultural do concello e cun desenvolvemento sustentable do territorio. Cabe salientar que se trata dun territorio fráxil que contén singulares valores paisaxísticos, ambientais e ecolóxicos.

Inseguranza xurídica

Entre os motivos que levaron á suspensión das NNSSPM de Viveiro, o decreto aprobado hoxe destaca o feito de que as ditas normas eran resultado de sucesivos documentos que modificaban parcialmente outros anteriores e que, na súa meirande parte, non cumpriran os requisitos legais para a súa entrada en vigor.



Estas circunstancias estaban a crear unha inseguranza xurídica, o que daba pé a un grao de arbitrariedade inxustificable na aplicación das normas, así como á ausencia dun modelo de desenvolvemento urbano coherente.

Por outra parte, a clasificación e regulación das distintas clases de solo -de acordo con ese planeamento- estaban totalmente obsoletas e non se axustaban ao disposto na Lei 9/2002 nin á Lei 6/1998. Polo tanto, urxía a súa revisión e a súa adaptación aos novos criterios de clasificación, aos límites de sustentabilidade e aos estándares de calidade de vida e cohesión social recollidos na lexislación urbanística actual.

Especialmente grave resultaba a clasificación como solo urbanizable de determinadas zonas situadas no bordo litoral costeiro e nas inmediacións do espazo natural do río Landro e as súas marismas, xa que representan valores naturais, ambientais e paisaxísticos que requiren protección.

Outros dos motivos salientados son a ausencia dun modelo de desenvolvemento urbano coherente, cunha mestura desordenada de tipoloxías construtivas; a falta dun catálogo de elementos a protexer, e a ausencia de previsións sobre espazos libres e zonas verdes de uso público.

En definitiva, segundo recolle o decreto na súa exposición de motivos, considérase que concorren circunstancias obxectivas para proceder á urxente revisión do planeamento de Viveiro, co fin de elaborar unha nova ordenación que se adapte integramente ao ordenamento xurídico vixente e que garanta un desenvolvemento urbanístico sustentable.



AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA AUTOVÍA DO BARBANZA COMEZARÁN EN SETEMBRO E CONCLUIRÁN A FINAIS DE 2008

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens afectados pola construción desta autovía***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da Autovía do Barbanza (AG-11). As obras de construción principiarán no mes de setembro e concluirán a finais de 2008.

A obra consistirá no desdoblamento da actual Vía do Barbanza para a súa conversión en autovía, e dará resposta á necesidade de aumentar a súa capacidade e seguranza viaria.

Cunha lonxitude de pouco máis de 40 quilómetros, esta infraestrutura beneficiará directamente os 70.000 habitantes que conforman a poboación dos concellos polos que discorre, é dicir, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira.

Principia así o proceso expropiatorio que permitirá a Autovía del Barbanza, Sociedade Concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A., sociedade adxudicataria da construción e explotación da devandita infraestrutura, dispoñer dos terreos necesarios para a execución das obras previstas no proxecto de trazado.

O dito proxecto, que foi aprobado pola CPTOPT o pasado día 15, recolle os bens e dereitos afectados así como a súa valoración. Concretamente, o importe que a sociedade concesionaria destinará ás expropiacións ascende a algo máis de 5 millóns de euros.

Segundo recolle o decreto aprobado hoxe, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras considérase necesaria para dotar a comunidade autónoma dunha vía de alta capacidade que permita conectar a rede de estradas actual cun dos núcleos de maior interese turístico de Galicia como é a Península do Barbanza e, en xeral, a zona costeira da Ría de Arousa, co que os beneficios derivados desta actuación se estenderán a toda a poboación galega.

A sociedade concesionaria encargárase da construción e o financiamento, así como da explotación e conservación da autovía durante os trinta anos que dura a concesión. Pola súa parte, a CPTOPT aboará un canon que virá determinado polo número de vehículos usuarios desta infraestrutura e pola tarifa por vehículo-quilómetro proposta polo adxudicatario na oferta que presentou no concurso.



POLÍTICA TERRITORIAL REALIZARÁ OBRAS DE MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA ESTRADA ENTRE LARO E ACIVEIRO

O Goberno galego declarou hoxe a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas actuacións de mellora de seguranza viaria que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes levará a cabo na estrada PO-200 entre as localidades de Laro (concello de Silleda) e Aciveiro (concello de Forcarei).

A actuación que se acometerá afecta un treito de 207 metros de lonxitude no cal se construírá un paso a distinto nivel para, deste xeito, evitar os numerosos cruzamentos de vehículos, persoas e animais que se producen nesta estrada. Así mesmo, realizaranse labores de repintado e nova sinalización en todo o percorrido.

O orzamento total da obra acada os 247.500 euros, dos que preto de 11.500 se destinarán ao pagamento dos 5 predios expropiados.

No próximo semestre procederase ao levantamento de actas previas para a ocupación dos terreos para, posteriormente, iniciar as obras de construción que está previsto que rematen no primeiro semestre de 2007.



A XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- *O texto establece novas medidas en relación coa protección do espazo rural como a fixación de faixas (zonas limitadas) de 25 metros arredor dos núcleos de poboación e dos terreos dedicados a monte*
- *En canto ás repoboacións, para especies de crecemento rápido –eucalipto e chopo– establécese unha distancia de 50 metros respecto das vivendas ou instalacións*
- *O texto do decreto regula tamén as condicións que deberán cumprir as queimas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais. A principal novidade que presenta a nova normativa refírese ao establecemento de novas medidas en relación coa protección do espazo rural fronte a incendios forestais, plasmadas na configuración das faixas de especial protección e dos plans de prevención e defensa aplicables ás zonas de alto risco de incendios. Tamén se destacan como novidades a regulación do réxime de comunicacións e autorizacións de queimas en canto que medidas preventivas contra incendios forestais e a regulación de repoboacións forestais nos perímetros de asentamentos de poboacións.

As faixas (zonas limitadas) de especial protección establécense para protexer dos incendios forestais tanto os núcleos de poboación como os propios terreos dedicados a monte. No referente aos núcleos de poboación, as faixas abranguen unha franxa de 25 metros ao redor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais, eléctricas ou infraestruturas de transporte, situadas a menos de 400 metros do monte. Para os terreos forestais establécense dúas faixas de protección, unha pola parte exterior e outra pola parte interior do seu perímetro. A faixa exterior abrangue a totalidade das parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 25 metros do seu perímetro e a interior a totalidade dos terreos forestais, rasos ou arborizados, que se sitúen, dentro do monte, a unha distancia inferior a 10 metros do seu perímetro.

Os propietarios dos terreos situados nas faixas de especial protección deben manter as súas parcelas limpas de maleza e restos e coa masa arbórea rareada, ao igual que os vieiros de titularidade privada e as gabias, e colaborar coas administracións competentes en materia de prevención e extinción de incendios forestais, e de protección civil. Pola súa parte, a Xunta de Galicia velará porque as obrigas dos propietarios no mantemento dos terreos en estado axeitado se cumpran, instruindo os oportunos expedientes sancionadores e de ser o caso procedendo á execución subsidiaria dos traballos derivados da limpeza e roza de vexetación repercutindo o custo aos propietarios. A Xunta tamén poderá proceder á execución directa dos traballos preventivos nas faixas de especial protección, sen necesidade de



requirimento previo, cando se declarase un incendio forestal que supoña un risco inminente para as persoas e os bens.

En canto ás repoboacións, para especies de crecemento rápido –eucalipto e chopo-, establécese unha distancia de 50 metros respecto das vivendas ou instalacións. Ademais, as axudas para as repoboacións forestais con especies de crecemento rápido estarán condicionadas a que se fagan en superficies que disten máis de 100 metros de calquera vivenda ou edificación do núcleo rural. Para o resto das especies, establece unha distancia mínima de 25 metros con vivendas e de 50 metros con industrias ou instalacións perigosas. Por último, as repoboacións forestais que estremen con terreos rústicos de protección agropecuaria deberán gardar, como mínimo, 10 metros de distancia. Todas as repoboacións se deberán manter en todo momento limpas, en condicións e características axeitadas para a prevención e mellor defensa contra os incendios forestais.

O decreto tamén regula o réxime de comunicacións e autorizacións de queimas. As comunicacións serán precisas para a queima de restos agrícolas, amoreados en terreos agrícolas e situados a menos de 400 metros do monte e deben ser presentadas cunha antelación mínima dun día. Ademais de poder presentarse as comunicacións fisicamente ante as diferentes dependencias da Consellería do Medio Rural, facilitarase a súa presentación por medios telefónicos ou telemáticos. Pola súa parte, as autorizacións serán precisas para queimas de restos forestais, que se fagan tanto en terreos agrícolas como forestais, para as queimas controladas en matogueiras e valados, e debe solicitarse cunha antelación mínima de sete días. Todas as queimas deben estar suxeitas a unha serie de requisitos, atendendo ás condicións climatolóxicas, á necesidade de manter limpo de restos combustibles o perímetro da zona que se queimará e de contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE SUPRIME AS MEDALLAS E PLACAS AO MÉRITO SANITARIO

- *A Administración sanitaria galega opta por outras medidas que sirvan ou favorezan o pulo do sistema sanitario no seu conxunto, superando fórmulas de recoñecemento individualizado ou puntual*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un decreto polo que se anula unha norma similar do anterior Goberno pola que se creaba a Medalla e Placa ao Mérito Sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

O departamento que dirixe María José Rubio Vidal vén de tomar esta decisión baseándose en que a Sanidade pública galega leva a cabo tarefas ou funcións de fomento ou promoción que satisfagan necesidades públicas ou que se consideran de utilidade xeral.

Estas funcións aparecen formuladas nas vixentes normas xurídicas con carácter xeral e non individualizadas, incidindo na idea de centrar os esforzos na mellora colectiva, sen esquecer que esta procede das achegas plurais de cantos se relacionan ou interactúan no sistema sanitario público.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde recoñecen os méritos dos galardoados nas edicións entre 1998 e 2004, pero tamén os de moitos profesionais do sistema sanitario e outros colaboradores da sanidade pública galega que tamén merecerían este tipo de recoñecementos.

Polo tanto, a Consellería de Sanidade considera que cómpre buscar mecanismos que sirvan ou se adapten mellor a esa concepción integral do sistema sanitario, superando fórmulas de recoñecemento individualizado ou puntual, e optando por outras medidas que favorezan o pulo do sistema sanitario no seu conxunto.



A FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN RECIBIRÁ PRETO DE 290.000 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura do convenio entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Fundación Galicia Emigración para o desenvolvemento de actuacións propias da Fundación. O acordo ten como obxectivo regular as bases de concesión, pola Secretaría á Fundación, dunha subvención de 288.344 euros.

Segundo recolle o documento, a Fundación Galicia Emigración imputará os fondos transferidos por este convenio para facer fronte aos gastos de xestión ordinaria de funcionamento da entidade, tales como gastos de persoal e correntes. A obtención desta axuda é compatible con outras para este mesmo fin.

A Fundación Galicia Emigración ten por obxecto promover, incentivar e executar cantas accións se orienten á potenciación e difusión da galegidade en calquera parte do mundo, en especial nos lugares onde estean radicadas comunidades galegas. Para acadar este fin realiza accións e desenvolve programas de traballo tendentes a apoiar aos galegos e os seus descendentes que residan fóra da Comunidade Autónoma. Así mesmo impulsa accións de codesenvolvemento que favorezan a vinculación entre os movementos migratorios e a cooperación.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA FOMENTA O USO DO GALEGO NAS EMPRESAS A TRAVÉS DUN CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS

- ***A posta en marcha deste proxecto, que inclúe un servizo de atención telefónica, contará cunha achega da Administración autonómica de 371.000 euros***

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) colaborarán para garantir o uso normal da lingua galega nas empresas. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio entre as dúas entidades para darlle cumprimento a un dos obxectivos estratéxicos do Plan de normalización da lingua galega: asegurar a galeguización do sector económico de Galicia.

No acordo establécese como obxectivo específico a incorporación e o incremento da presenza do galego no funcionamento da propia CEG, así como no das empresas e asociacións empresariais de Galicia. Para isto, a través da Confederación de Empresarios, facilitaranse e incrementaranse os recursos lingüísticos para que as empresas e asociacións poidan desenvolver a súa actividade en galego.

Política Lingüística colaborará na realización das actividades previstas cunha achega económica de trescentos setenta e un mil euros.

Servizo de Normalización Lingüística

En virtude deste convenio, a CEG comprométese a crear un servizo de normalización lingüística para asesoramento, tradución de documentación e páxinas web das empresas. Entre outras prestacións, este servizo disporá dunha liña de atención telefónica para resolver as dúbidas dos asociados. O servizo será debidamente publicitado entre os empresarios.

Outra das medidas será a elaboración e publicación dun estudo de diagnose sobre o uso do galego no ámbito empresarial. Ademais, realizaranse distintas actividades de dinamización sociolingüística e formación.

Con este acordo de colaboración, Política Lingüística tenta incrementar o uso do galego como lingua de traballo no sector económico galego, nas relacións entre as empresas, nas novas tecnoloxías e na publicidade empresarial que se produce en Galicia.

Técnicos da Secretaría Xeral de Política Lingüística e representantes da CEG integrarán unha comisión paritaria para supervisar e coordinar a realización das actividades acordadas no convenio.



A XUNTA E A USC COLABORARÁN NUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA, QUE INCLÚE A ELABORACIÓN DE NOVOS VOLUMES DO ATLAS LINGÜÍSTICO DE GALICIA

- *A Secretaría Xeral de Política Lingüística achegará un total de 170.100 euros para o desenvolvemento das actuacións que se plasman no convenio*
- *Ademais dos citados volumes, proseguirase elaborando unha base de datos lexicográfica e rematarase a edición dos documentos pertencentes ao mosteiro de Santa María de Oia, entre outras accións*

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Santiago de Compostela para promover conxuntamente un programa de actuacións en materia de investigación lingüística. Para o desenvolvemento deste convenio, Política Lingüística achegará 170.100 euros. As accións, que se desenvolverán neste ano, inclúen a elaboración de novos volumes do Atlas Lingüístico de Galicia (ALGa) e a preparación dunha base de datos informática cos materiais extraídos dos cuestionarios do ALGa.

Paralelamente, proseguirase coa elaboración dunha base de datos lexicográfica, enriquecerase o ficheiro tradicional que contén este tipo de datos e informatizaranse materiais deste ficheiro.

Tamén está previsto, ao abeiro deste convenio, rematar a edición da colección diplomática dos documentos galegos correspondentes ao mosteiro de Santa María de Oia e realizar o Corpus Romance da Galicia Medieval.

Por último, prepáranse materiais para a primeira edición do Dicionario de dicionarios históricos galegos e procederase á etiquetaxe con vistas á indexación da segunda edición.

Instituto da Lingua Galega

En concreto, estas accións que financia a Xunta desenvolveranse en colaboración co Instituto da Lingua Galega, dependente da Universidade de Santiago de Compostela, que xa publicou cinco volumes do Atlas Lingüístico de Galicia.

Este organismo, así mesmo, está realizando diversos traballos de investigación destinados á elaboración do dicionario galego e dunha gramática histórica galega, así como noutros campos da fonética, da gramática, da historia, da norma gráfica, de antroponimia románica e de filoloxía medieval galega.



Como resultado destas investigacións, o Instituto da Lingua Galega dispón de bases de datos considerables que serven de base para as publicacións normativas editadas por institucións públicas e privadas.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística considera de sumo interese apoiar as actividades que, en materia de investigación, está realizando este organismo e por iso colaborará nas anteditas actuacións achegando máis de 170.000 euros.

O obxectivo último é promover o idioma galego nos termos que prevé a Lei de normalización lingüística, fomentando traballos de investigación arredor desta lingua.



O CONSELLO APROBA A ADXUDICACIÓN DUNHA EMISORA DE RADIO EN FM AO CONCELLO DA CORUÑA

- *A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual emitiu un informe favorable para esta concesión*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a concesión definitiva dunha emisora de radio en frecuencia modulada ao Concello da Coruña. Este servizo de radiodifusión terá carácter comercial. A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, dependente da Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, emitiu un informe favorable sobre esta concesión no cal se recollen detalladamente as resolucións, actos administrativos e aprobacións establecidas na lexislación aplicable en materia de telecomunicacións.

A frecuencia desta emisora, a favor da empresa *Radio Media Galicia S.L.*, será 89,2 e as coordenadas xeográficas 8W1705-43N2708.

Antecedentes

Esta concesión definitiva outórgase logo da adxudicación provisional concedida hai uns anos á mesma empresa e tras a realización dos trámites administrativos pertinentes coa Secretaría de Estado das Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Este departamento estatal xa autorizara, o ano pasado, a posta en funcionamento das instalacións da citada emisora para a explotación, en réxime de xestión indirecta, deste servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.

Agora, tendo en conta a resolución estatal e o informe favorable da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, o Consello da Xunta acorda a concesión definitiva do servizo.



O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA COLABORA COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO E DA CORUÑA NA REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de tres convenios entre o IGE e estas universidades*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística (IGE) e a Universidade de A Coruña (UDC) para a realización dun proxecto de investigación sobre posibles melloras nas enquisas de mostraxe realizadas polo IGE. O Consello aprobou tamén a sinatura de dous convenios entre o IGE e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), un deles para a realización dun proxecto de investigación sobre a mellora da estimación de variables nas enquisas realizadas polo IGE, e outro para a obtención de apoio metodolóxico no proceso de elaboración do Marco Input-Output de Galicia 2005.

O convenio entre o IGE e a Universidade de A Coruña terá unha duración dun ano, e o seu obxectivo consiste en determinar os métodos máis axeitados para corrixir os datos das enquisas por mostraxe e aplicalos a casos concretos de enquisas do IGE, coa conseguinte mellora na calidade destas.

O primeiro dos convenios entre o IGE e a Universidade de Santiago tamén ten un período de vixencia de un ano. Neste caso a investigación basearase no desenvolvemento e aplicación dunha metodoloxía para mellorar a predición ou estimación de variables ou parámetros de interese nas enquisas realizadas polo IGE, cun nivel de desagregación maior daquel para o que se deseñaron.

O segundo dos convenios que asinará o IGE e a USC terá unha vixencia de ata corenta e dous meses, que obedece á necesidade de realizar o Marco Input-Output de Galicia co ano base 2005 (MIOGAL-2005). Unha vez elaborado o MIOGAL-2005, publicarase un estudo das características da economía galega a partir dos resultados obtidos.

Estas tres actividades estatísticas recollidas en cadanseu convenio forman parte do Programa Estatístico Anual para o ano 2006, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 22 de decembro.

A sinatura de convenios entre o IGE e as universidades galegas ten como obxectivo promover a realización de proxectos de investigación estatística de interese para a comunidade autónoma. O Instituto Galego de Estatística leva asinado distintos convenios de colaboración coas universidades galegas para a realización de actividades de carácter metodolóxico e de investigación estatística, como foron os estudos sobre contas satélite, marxes comerciais, matriz de contabilidade social, e actualización e mellora dos modelos de previsión socioeconómica.



O CONSELLO DA XUNTA PON FIN AOS CONVENIOS PARA O FINANCIAMENTO DOS BONOS PEAXE DE RANDE E A BARCALA

- *Déixanse sen efecto logo da supresión definitiva das peaxes nos treitos Vigo-Rande e A Barcala-A Coruña*

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión de hoxe, poñer fin a dous convenios de colaboración coas Deputacións de A Coruña e de Pontevedra, respectivamente, para o financiamento do custo dos bonos peaxe no treito A Coruña-A Barcala e O Morrazo-Vigo.

Esta resolución formalízase logo de que o pasado 22 de maio asinarase un convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e a empresa Autopistas do Atlántico, segundo o cal quedou suprimida definitivamente a peaxe para os traxectos da Autopista AP-9 A Barcala-A Coruña e Vigo-O Morrazo e viceversa.

Así mesmo, o Consello da Xunta acordou resolver outros dous convenios da Xunta de Galicia coa Deputación de Pontevedra e máis a entidade Caixanova, e coa Deputación da Coruña e Caixa Galicia, para o funcionamento dunha tarxeta ou outro dispositivo electrónico para a subvención das peaxes nos citados treitos.

O obxecto de todos estes convenios agora resoltos quedou extinguido logo de que se levara á práctica a supresión das taxas nos percorridos aos cales se referían.



EDUCACIÓN E O CONCELLO DE MONDOÑEDO INVISTEN 360.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA POLIDEPORTIVA

- *A Administración educativa autorizará o Concello para utilizar estas instalacións fóra do horario lectivo*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mondoñedo investirán 360.607 euros na construción dunha pista polideportiva no Centro de Educación Infantil e Primaria *Álvaro Cunqueiro Mora*. Así o recolle o convenio de colaboración entre as dúas administracións que hoxe foi aprobado polo Consello da Xunta.

Esta nova infraestrutura pretende revalorizar o deporte como elemento favorecedor persoal e ademais de completar as instalacións do CEIP *Álvaro Cunqueiro*, estará á disposición dos distintos colectivos deportivos municipais fóra do horario lectivo.

Segundo o convenio que proximamente ratificarán as dúas partes, o Concello de Mondoñedo contratará, dirixirá e executará as obras previstas no proxecto. A Administración local contribuirá a financiar esta actuación achegando 60.607 euros e colaborará coa cantidade resultante da suma dos impostos municipais necesarios para executar esta obra.

Pola súa banda, a Consellería de Educación achegará 300.000 euros, dos cales 160.000 os investirá en 2006 e os restantes 140.000 euros no ano 2007. Ademais, a Administración educativa autoriza o Concello para utilizar as instalacións deportivas fóra do horario lectivo sempre e cando non prexudique a actividade docente do centro. A dirección do centro deberá estar informada do uso que se faga da pista polideportiva obxecto deste convenio, establecéndose como prioridade as actividades do centro en horario lectivo e non lectivo, as do Concello fóra do horario lectivo e as doutras entidades tamén fóra do horario de clases.



A XUNTA DE GALICIA APOSTA POLA MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS CUNHA ACHEGA DE CASE 2 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego, as tres universidades e o CESGA renovan o convenio de creación do Consorcio Galego de Bibliotecas Universitarias, que se asinará para incluír os cambios na estrutura orgánica da Xunta e os que se derivan da modificación dos seus estatutos*
- *O Consorcio ten a súa sede no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, en Santiago, e o seu obxectivo é mellorar a calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Centro de Supercomputación de Galicia –CESGA- e as tres Universidades galegas para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. Este organismo creouse o 18 de outubro de 2001 co obxectivo fundamental de mellorar a calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria.

Por parte da Xunta de Galicia, as consellerías asinantes do convenio son a Consellería de Innovación e Industria, que achega 1.201.953 euros (máis do 60% dos fondos); a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que achega 345.550,71 euros; a Secretaría Xeral de Comunicación, que achega 68.326,06 euros, e a Consellería de Cultura e Deporte. A Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+i, ten atribuídas as competencias en materia de ordenación, planificación e execución de fomento da investigación e a execución de plans específicos de apoio para o acceso á información do persoal investigador. Pola súa banda, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspóndenlle as competencias e funcións en materia de coordinación e planificación do Sistema Universitario de Galicia. A Secretaría Xeral de Comunicación é responsable do desenvolvemento de recursos integrados nas redes de telecomunicacións da Xunta para dar resposta ás necesidades existentes nesta materia, e á Consellería de Cultura e Deporte, por ser o órgano da Administración Autonómica competente en materia de bibliotecas, correspóndelle a potenciación e o desenvolvemento de políticas cooperativas entre os diferentes sistemas bibliotecarios de Galicia. O CESGA, pola súa parte, dá soporte ao servizo compartido de publicacións electrónicas do Sistema Universitario de Galicia e as tres universidades de Galicia teñen entre os seus obxectivos proporcionar o mellor servizo bibliotecario ás respectivas comunidades universitarias.

Preto de dous millóns para os gastos de 2006

En virtude deste convenio, a Xunta e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia contribúen ao financiamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias cunha



achega global de preto de dous millóns de euros –1.926.688,77 euros-, destinada a financiar os gastos que se produzan no organismo neste ano 2006. Polo que respecta ás achegas económicas dos membros do Consorcio para os seguintes anos de vixencia do convenio, estas fixaranse antes de rematar o exercicio anterior a aquel en que vaian producir efecto. O CESGA proverá o Consorcio do acceso á Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia e, a través dela, á internet.

O convenio terá unha vixencia de cinco anos desde o seu asinamento e poderá prorrogarse por períodos anuais. Así mesmo, crearase unha comisión de seguimento e interpretación do convenio, que se encargará do seguimento, resolución dos problemas derivados da súa execución, propostas de mellora do mesmo e resolución dos conflitos que poidan xurdir.

Produción científica e mellora de servizos

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia creouse no ano 2001, ten a súa sede no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, en Santiago de Compostela, e persegue unha serie de obxectivos. Entre eles figura a creación e xestión do catálogo colectivo das bibliotecas do Consorcio, de maneira que se incremente a efectividade da investigación e do ensino ao aumentar os recursos bibliotecarios dispoñibles de forma inmediata. O organismo tamén quere contribuír a aumentar a produtividade científica e a mellorar o acceso da comunidade universitaria integrada no Consorcio ás coleccións bibliográficas existentes a través da información bibliográfica e do préstamo interbibliotecario.

Outros obxectivos do Consorcio son mellorar os servizos bibliotecarios e aforrar custos na catalogación –ao compartir recursos xa existentes-; fomentar a aplicación das novas tecnoloxías da información aos servizos bibliotecarios; potenciar a formación tecnolóxica do persoal que traballa nas bibliotecas; crear e xestionar o servizo de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais e adquirir recursos documentais.

Así mesmo, o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia posibilitalles aos centros implicados a elaboración de estudos xerais sobre as necesidades bibliográficas comúns, a conexión a redes nacionais e internacionais e a colaboración en iniciativas de cooperación interbibliotecaria e de catálogos colectivos.



A XUNTA ASINARÁ UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA PARA A VALORIZACIÓN ENERXÉTICA DE BIOMASA DENTRO DA INICIATIVA COMUNITARIA INTERSILVA

- *A consellería do Medio Rural achegará un total de 42.625 euros para o desenvolvemento desta iniciativa*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Forestal de Galicia para levar a cabo traballos de valorización de biomasa forestal dentro do proxecto ENERSILVA, que se encadra na iniciativa comunitaria INTERREG III B Sudoeste Europeo. Mediante este acordo, Medio Rural destinará en dúas anualidades un total de 42.625 euros á materialización destes traballos.

O proxecto *ENERSILVA*, baixo o título “Promoción do uso da biomasa forestal con fins enerxéticos no Sudoeste de Europa”, foi aprobado polo Comité de Programación durante unha reunión en Lisboa o 2 de marzo de 2005. En canto ao acordo de concesión de axuda FEDER, asinouse o pasado 17 de xuño de 2005 e fixaba como data de inicio do proxecto o 1 de xaneiro de 2005. O compromiso da Administración galega de participar nesta iniciativa como socio selouse o 30 de xullo de 2004 a través dunha carta enviada á Comisión Europea pola Dirección Xeral de Montes, que dependía naquela época da Consellería de Medio Ambiente. Na citada carta de compromiso, o goberno galego manifestaba a súa disposición a contribuír financeiramente a este proxecto cun total de 72.625 euros, dos cales 42.625 se destínanse á execución, por parte da Asociación Forestal de Galicia de traballos relacionados coa transformación da biomasa en enerxía.

No convenio de colaboración que asinarán ambas as entidades recóllese o feito de que a Asociación Forestal de Galicia debe actuar como responsable e coordinadora do proxecto, así como comunicar os resultados que se deriven da súa materialización. Este acordo entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e estará vixente ata o día 30 de xuño de 2007, aínda que pode ser prorrogado pola Comisión Europea.



MEDIO RURAL ASINA 8 CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta décimo primeira quenda de 994.293 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase, destinaranse 994.293 euros para as obras que se executarán, após a sinatura dos convenios, nos concellos de Ordes, Ribeira, Chandrexa de Queixa, Cortegada, Manzaneda, Piñor, Verín e Vilariño de Conso.

Estes 8 concellos correspondentes á décimo primeira quenda súmanse aos 179 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos que se vai realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos, entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Preveranse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



CULTURA ANALIZARÁ AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DOS XESTORES E XESTORAS CULTURAIIS

- *Este departamento asinará un convenio de colaboración coas tres universidades*
- *Os resultados servirán como unha proposta para o futuro plan formativo da xestión cultural en Galicia*

A Consellería de Cultura e Deporte estudará cales son as carencias e demandas de formación do persoal técnico e de xestión cultural. Cultura asinará un convenio de colaboración coas universidades de Santiago, A Coruña e Vigo para que executen o proxecto, valorado en 75.000 euros, logo de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a súa sinatura. A finais de abril de 2007 xa estarán dispoñibles os resultados

Investigaranse as necesidades formativas dos xestores e xestoras culturais que traballan nas institucións de titularidade pública e de titularidade privada de interese público (fundacións, padroados, institutos, etc..). Este estudo dará como resultado tamén unha radiografía dos profesionais da xestión cultural en Galicia e servirá para contrastar o feito neste campo con outras experiencias do Estado.

A partir dos datos recollidos, realizarase unha proposta de actuación para cubrir as demandas de formación. Serán as liñas xerais dun plan formativo que desenvolverá a Xunta, a través da Consellería de Cultura, tendo en conta tamén as políticas culturais, as actuacións que se están a desenvolver e os modelos de formación existentes.



SANIDADE, SERGAS E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO COLABORARÁN EN MATERIA DE ATENCIÓN E REHABILITACIÓN A DROGODEPENDENTES

- ***A contía do convenio ascende a máis de 800.000 euros***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do Programa Terapéutico-Educativo Proxecto Home, de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de 807.112, 38 euros.

O programa terapéutico educativo do Proxecto Home, de atención e rehabilitación de drogodependentes, lévase a cabo en dispositivos situados nas localidades de Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Lugo.

Tanto a Consellería de Sanidade como o Servizo Galego de Saúde consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento de medidas e accións tendentes a reducir, na medida do posible, a problemática presentada polo consumo de drogas na Comunidade Autónoma galega.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA INICIAR OS TRÁMITES PARA A REVISIÓN DO PLAN DE TECNOLOXÍA ALIMENTARIA

- *A conselleira de Pesca xa anunciara o pasado 16 de maio a modificación, que xorde da necesidade de conxugar os espazos dedicados á acuicultura co respecto ao medio ambiente*
- *O Consello acordou hoxe a iniciación dos trámites para a revisión dos proxectos sectoriais cuxas instalacións se prevexan sobre espazos situados en Rede Natura*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á revisión e modificación do Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria na costa galega, que foi aprobado polo anterior Goberno e que incluía proxectos sobre espazos situados en Rede Natura. Tal e como anunciara a Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego, logo da xuntanza que mantivo o pasado 16 de maio cos representantes da Asociación de Produtores de Rodaballo de Galicia (Aroga), o traballo de revisión ten dous obxectivos: darlles seguranza aos empresarios do sector sobre os investimentos que fagan en Galicia e definir claramente os espazos non protexidos que poden dedicarse na Comunidade galega á cría de peixes.

Nesta liña, o Consello da Xunta acordou a iniciación dos trámites para a revisión dos proxectos sectoriais aprobados ao abeiro do Plan de Tecnoloxía Alimentaria situados en Rede Natura e, así mesmo, manter a eficacia do Plan respecto a aquelas iniciativas cuxa localización non afecte o ambiente. A revisión do Plan, pactada entre as consellerías de Pesca, Política Territorial e Medio Ambiente e o sector, ten como finalidade a procura de espazos non protexidos por figuras ambientais para o desenvolvemento dunha actividade económica considerada estratéxica para Galicia.

Neste sentido, cabe subliñar que a rede ecolóxica europea Natura está composta por zonas especiais de conservación, designadas polos Estados membros, en que estes deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir a protección dos hábitats e evitar a súa deteriorización. Nestas zonas con características especiais de conservación, os gobernos deben pór en marcha as actuacións axeitadas para evitar a deteriorización dos hábitats naturais e de especies, así como as accións que repercutan nas zonas. Por iso, para aprobar un plan ou un proxecto que poida afectar de forma apreciable a estes lugares, este debería someterse previamente a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos para a súa conservación. Precisamente de aí vén a necesidade de, por unha parte, conxeniar o desenvolvemento da acuicultura na costa galega coa preservación de espazos naturais e, por outra, dotar dunha maior seguranza xurídica o plan, dado que se detectaron irregularidades e lagoas durante a súa elaboración.



Coa revisión acordada hoxe polo Goberno de Galicia procederáse por parte de Pesca, conxuntamente coas consellerías de Medio Ambiente e Política Territorial, a unha análise individualizada de cada unha das zonas e cada un dos proxectos para ver o grao de afección ao medio. Do resultado do devandito estudo, que xa está en marcha, acordarase ou ben o levantamento da suspensión e continuación da tramitación do proxecto ou ben a non conveniencia de manter unha zona, excluila ou reducila na modificación do Plan sectorial.

O obxectivo fundamental desta acción é o de compatibilizar e harmonizar o desenvolvemento da actividade acuícola coa conservación e protección da natureza. Isto obriga a unha reformulación de todas aquelas localizacións radicadas en zonas de Rede Natura, xa que son as máis sensibles dentro das contempladas como posibles para a instalación de establecementos de acuicultura.

Ademais, co acordo sobre a modificación facilitarase a tramitación dos novos proxectos sectoriais non incluídos no anterior Plan e que foron ofrecidos como alternativas polo actual Goberno ás empresas do sector.



MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 500.000 EUROS EN MELLORAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA COMARCA DO CARBALLIÑO

- *A empresa pública de augas reporá as redes de abastecemento e saneamento na rúa Marcelino Parrondo (O Carballiño)*
- *As redes de abastecemento do Concello de San Cristovo de Cea, cunha antigüidade de máis de trinta anos, serán renovadas polo ente hidráulico.*

A comarca do Carballiño (Ourense) será obxecto de melloras hidráulicas por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Os proxectos, que beneficiarán as localidades de San Cristovo de Cea e O Carballiño, suman un orzamento de 524.173 euros, que serán achegados integramente pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicas (Eposh).

O Carballiño

A rúa Marcelino Parrondo, no concello do Carballiño, será obxecto dunha mellora nas infraestruturas hidráulicas, que consistirá na renovación da rede de sumidoiros. A empresa pública de augas substituirá, pola súa antigüidade, os tubos de formigón e fibrocemento por outros novos de fundición dúctil e PVC. O proxecto conta cun orzamento de 318.362 euros, que será financiado con cargo aos orzamentos deste ano e os do próximo, e un prazo de execución de catro meses.

San Cristovo de Cea

O outro proxecto aprobado polo Consello da Xunta foi a renovación das redes de abastecemento no concello de San Cristovo de Cea. A actuación conta cun orzamento de 205.810 euros, que se investirán na reposición da conducción en alta que abastece o depósito de Cea e a renovación de parte da rede de distribución, que conta con máis de trinta anos e atópanse en situación precaria. A obra complétase coa substitución dos pavimentos e as arquetas afectadas.



A XUNTA ACHEGA CASE 1,8 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS NOS MUNICIPIOS CORUÑESES DE CESURAS E CURTIS

- *As obras enmárcanse nas prioridades da Consellería de Medio Ambiente, dado que darán servizo a poboacións que na actualidade deixan de ter auga potable en tempos de seca ou que padecen verteduras por falta de infraestruturas de saneamento*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará un total de 1.790.793 euros á dotación de sistemas de abastecemento e depuración de augas en parroquias dos municipios coruñeses de Cesuras e Curtis. O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou os proxectos de ambas as actuacións que serán financiadas integramente e executadas pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), dependente de Medio Ambiente. Estas obras enmárcanse nas prioridades da consellería, como son dotar de abastecemento de auga a núcleos de poboación que padecen graves problemas en tempos de seca ou rematar coas verteduras de augas residuais en localidades que carecen de sistema de depuración.

Curtis

A Administración hidráulica de Galicia dotará o núcleo urbano de Curtis e a outros catro barrios (Bodeus, Seixo, Raia e Estación) dunha rede de saneamento de augas residuais para rematar coa situación actual, en que, por falta de sistema de depuración, as verteduras van á fosa séptica ou directamente á canle. Para acadar este obxectivo, Medio Ambiente ampliará a rede existente desta localidade coa construción dunha depuradora, catro colectores e unha estación de bombeo, unhas instalacións pensadas para dar servizo a unha poboación de 2.000 habitantes.

O custo destas obras, que teñen un prazo de execución de 12 meses, ascende en total, a 1.316.445 euros que serán aboados con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2006, 2007 e 2008. O proxecto, redactado por Augas de Galicia, inclúe a explotación da nova Estación Depuradora de Augas Residuais (Edar) durante un ano. As actuacións aprobadas hoxe polo Consello da Xunta consisten en construír unha Edar así como tres colectores e unha estación de bombeo que estará conectada coa rede de saneamento existente no barrio de Bodeus. Instalarase tamén outro colector para conectar a rede actual coa futura estación depuradora.

Cesuras

Os veciños de cinco parroquias do municipio coruñés de Cesuras (Dordaño, Carres, Probaos, Loureda e Filgueira de Traba) contarán a partir de 2007 cunha rede de abastecemento de auga potable. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta actuación que permitirá rematar cos graves problemas que, en tempos de seca,



padece o núcleo desta localidade, dado que na actualidade carece das infraestruturas hidráulicas necesarias para poder paliar os problemas derivados da falta de choivas.

As obras, cun prazo de execución de seis meses, consisten en construír un depósito de auga cunha capacidade de 530 metros cúbicos así como tres novos circuitos de abastecemento. O custe desta actuación ascende a 473.728 euros, que serán por conta Eposh, a empresa pública dependente da Consellería de Medio Ambiente. Na orde de prioridades deste departamento da Xunta ten preferencia o abastecemento de auga ás poboacións, como é esta de Cesuras, fronte a calquera outro uso ou cometido en materia hidráulica.



MEDIO AMBIENTE FINANCIA CON 726.000 EUROS A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE SARRIA

Co gallo de mellorar a deficiente rede de saneamento de augas do núcleo urbano de Sarria (Lugo), a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá unhas obras que custarán un total de 726.000 euros. O proxecto desta actuación, que ten un prazo de execución dun ano e que será financiada integramente pola Administración hidráulica da comunidade autónoma, foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

Esta localidade luguesa está a padecer, no eido da depuración de augas residuais, unha situación especialmente grave na zona baixa da vila, xa que só ten unha rede unitaria de evacuación cuns colectores que, ao estar situados nun lugar sen pendente, son claramente insuficientes para poder desaugar, sobre todo en épocas de fortes choivas. A solución proposta por Augas de Galicia consiste en crear unha rede separativa de augas de abaixo a arriba, evacuando as augas pluviais ao río Pequeno tras un pretratamento. A nova rede de saneamento inclúe a instalación de novos colectores de fecais, deixando os actuais colectores que estean en bo estado para a recollida de augas pluviais.



TRABALLO COLABORA COA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA “EMPRESA-CONCEPTO” CUNHA ACHEGA ECONÓMICA DE 250.000 EUROS

- *Trátase dun proxecto para o fomento de empresas de base tecnolóxica, dirixido a grupos universitarios de investigación, para que poidan avaliar a viabilidade económica das súas iniciativas empresariais sen ter que constituírse formalmente como empresa*
- *O compromiso de colaboración de Traballo concrétase na sinatura dun convenio entre o departamento que dirixe Ricardo Varela, as tres universidades galegas e o Centro Superior de Investigación Científica*
- *Traballo considera imprescindible apoiar este tipo de iniciativas, xa que este dispón de programas específicos vinculados ás novas tecnoloxías para a promoción e implantación de empresas de base tecnolóxica e a creación de emprego de calidade*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e o Centro Superior de Investigación Científica (CSIC) para o desenvolvemento do programa *Empresa-Concepto*. Unha iniciativa na cal Traballo colaborará cunha achega económica de 250.000 euros.

O proxecto *Empresa-Concepto* constitúe unha área de negocio independente dentro da estrutura universitaria, cunha xestión personalizada que lles permitirá aos grupos de investigación universitarios, sen se constituíren formalmente como empresa, avaliar a viabilidade económica da iniciativa para a súa futura conversión nunha empresa de base tecnolóxica.

Segundo se recolle no texto do convenio de colaboración sinalase que se seleccionaranse cinco grupos de investigación. Esta selección realizarase de común acordo cos representantes das entidades asinantes e para esta selección terase en conta, principalmente, a posibilidade de que se constituía nunha iniciativa de emprego de base tecnolóxica e, ao mesmo tempo, que se valorará a súa potencialidade na creación de emprego. Por cada grupo de investigación seleccionado para o programa haberá un promotor, elixido entre os membros do grupo de investigación, que co asesoramento dun titor xestionará o proceso de creación da futura empresa.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas cales se rexerá a colaboración entre a Consellería de Traballo e as partes asinantes para o desenvolvemento, entre 2006 e 2008, deste proxecto, que consistirá na dinamización de grupos de investigación universitarios con potencial empresarial e na detección de produtos e procesos que conformen nun futuro grupo de investigación e de traballo independente vinculado á propia universidade. Para isto, dotarase unha



serie de recursos que lles permitan aos emprendedores continuar a súa actividade investigadora e minimizar os riscos do acceso ao mercado, sendo a propia universidade a que, a través deste programa, faga de plataforma de lanzamento do negocio.

Segundo se recolle no texto do convenio, a Consellería de Traballo considera oportuno e conveniente colaborar coa Universidade de Santiago, que actuará como xestora do programa co apoio da Universidade de Vigo e da Coruña e do CSIS, a través da sinatura do convenio para levar a cabo esta iniciativa, xa que o departamento que dirixe Ricardo Varela dispón dun programa específico vinculado ás novas tecnoloxías para a promoción e implantación de empresas de base tecnolóxica e a creación de emprego de calidade.

A Consellería de Traballo cofinanciará os gastos derivados do funcionamento dos cinco grupos de investigación seleccionados, os gastos de persoal dos cinco promotores e as axudas de custo e desprazamentos e manutención dos mesmos, así como a asistencia a congresos, feiras e exposicións, mentres que a Universidade de Santiago, como xestora do proxecto, porá a infraestrutura e xestión tecnolóxica necesaria para a creación de empresas de base tecnolóxica.

No documento as partes recoñecen o interese coincidente na necesidade de fomentar a cultura e o espírito emprendedor e a creación de empresas innovadoras, manifestan a súa vontade de colaboración coa formalización do convenio de colaboración, co obxecto de promover actividades conxuntas dirixidas á captación e promoción de proxectos de investigación que se desenvolvan na propia comunidade universitaria.



ALUMNADO DE ESO PODERÁ ESTUDAR IDIOMAS ESTE VERÁN EN IRLANDA, REINO UNIDO E FRANCIA

- *A Administración educativa priorizará as rendas familiares máis baixas*
- *O custo medio de cada bolsa ascende a uns 2.000 euros*
- *As estadias serán no mes de agosto e os estudantes viaxarán en grupos de 50 persoas acompañados desde Galicia por monitores*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou esta mañá ao Goberno galego, sobre a convocatoria de bolsas destinadas a alumnos de educación secundaria obrigatoria (ESO) para que estuden inglés ou francés nestes países durante o verán. A Administración educativa concederá un total de 294 bolsas (200 para países de fala inglesa –Irlanda e Reino Unido- e 94 para Francia) nas cales investirá 750.000 euros. O custo medio por bolsa ascende a uns 2.000 euros.

O *Diario Oficial de Galicia (DOG)* publicou o 1 de xuño esta convocatoria de bolsas ás que pode concorrer o alumnado matriculado en 3º ou 4º de ESO en centros galegos sostidos con fondos públicos. No caso de que non se cubran as prazas, poderán optar alumnos de 2º de ESO ou de 1º de bacharelato. Ademais, os solicitantes deben ter unha nota media mínima de 6 na materia de idioma estranxeiro.

As estadias, de catro semanas, serán no mes de agosto. Os grupos serán de 50 alumnos, que irán acompañados desde Galicia por dous ou tres monitores. Os que viaxen a Irlanda e Reino Unido cursarán estudos nun centro docente e a estadia realizarana con familias, mentres que os que o fagan a Francia, estarán nunha residencia, na cal serán atendidos polos cuidadores dela e os monitores galegos e recibirán clases nun centro docente.

Tanto no caso das estadias en Irlanda e Reino Unido como en Francia, os alumnos recibirán terán entre 15 e 20 horas semanais lectivas e participarán ademais en actividades deportivas e lúdicas.

Á hora da concesión das bolsas, a comisión seleccionadora terá en conta a renda familiar dos pais, priorizando as familias con menor renda, así como outras circunstancias familiares como orfandade; pertenza a familias en que algún dos seus membros teña unha minusvalidez de grao igual ou superior ao 33%; pertenza a familias monoparentais ou a familias numerosas.

Con estas axudas, a Xunta de Galicia pretende fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o alumnado de familias con pouca renda. Ademais, esta actuación enmárcase na aposta do Goberno galego polas familias e a educación.



NO MESMO TIPO DE TRABALLO AS MULLERES GALEGAS COBRAN 73 EUROS POR CADA 100 QUE PERCIBE UN HOME

- *Esta é unha das conclusións que se extrae do Informe da Situación da Muller no Mercado de Traballo Galego, elaborado polo Observatorio Ocupacional da Consellería de Traballo,*
- *O informe servirá de guía para que as decisións sobre políticas públicas do traballo sexan o máis eficaces posibles no camiño de conseguir un emprego estable e de calidade para as mulleres galegas*

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta o Informe da Situación da Muller no Mercado de Traballo Galego, elaborado polo Observatorio Ocupacional do seu departamento.

No documento analízanse os principais trazos que caracterizan a situación laboral da muller galega durante o ano 2005, facendo para iso un repaso á evolución experimentada nos últimos anos polos indicadores máis representativos do mercado de traballo, tales como actividade, emprego, desemprego, contratación ou remuneración salarial. A devandita análise baséase en datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), dos servizos públicos de emprego e a Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROSTAT).

Os obxectivos establecidos pola Unión Europea de cara a acadar en 2010 o pleno emprego, fixan unha taxa de emprego para a poboación xeral do 70%, e para as mulleres en concreto do 60%. Galicia atópase aínda moi lonxe do cumprimento destes obxectivos ao rexistrar unha taxa de emprego do 48% para a poboación en xeral e do 39% para as mulleres en particular, situándose case cinco puntos por debaixo do conxunto do Estado na taxa xeral, que acada o 52,7%, e algo máis de dous puntos no caso das mulleres (Estado: 41,5%).

A Consellería de Traballo aposta por prestar unha atención especial ás políticas de emprego dirixidas expresamente ás mulleres, cuestión imprescindible para conseguir a confluencia con Europa a finais desta década. Esta é a razón fundamental da elaboración deste informe que permite coñecer en profundidade a situación real da muller no mercado de traballo en Galicia, o cal servirá de guía para que as decisións sobre políticas públicas a aplicar sexan o máis eficaces posibles no camiño de conseguir un emprego estable e de calidade para as mulleres galegas.

Principais conclusión do informe

Segundo a EPA, o ano 2005 rematou en Galicia con 1.254.800 persoas en disposición de traballar, tan só 600 persoas máis que no ano 2004. A taxa de actividade acadou un valor do 53% cando o ano anterior rexistraba o 53,2%; este lixeiro descenso débese á perda de poboación activa feminina.



Taxa de actividade

Do documento presentado esta mañá polo titular de Traballo ao Consello da Xunta despréndese que a taxa de actividade das mulleres galegas é do 44,8%, é dicir, dous puntos por debaixo da media estatal (46,9%). No caso dos homes a taxa de actividade alcanza o 61,5%. Segundo se recolle no informe, este desaxuste débese fundamentalmente á existencia dun gran número de mulleres en idade de traballar que nin sequera se anima á busca de emprego ante as escasas oportunidades da economía galega en xeral, e do sector servizos en particular, principal empregador deste colectivo.

Máis da metade da poboación inactiva galega son mulleres, concretamente 683.000 fronte aos 432.200 homes. É de especial interese o grupo constituído por un alto número de mulleres encadradas principalmente como amas de casa, que dá unha idea do importante potencial existente para levar a cabo a actividade na nosa comunidade.

Paro e sectores produtivos

Se nos referimos ao paro, o ano 2005 concluíu con 109.521 galegas inscritas como demandantes no Servizo Público de Emprego, o que supón un descenso de case 2.000 paradas con respecto a 2004. Con todo, a taxa de paro rexistrado correspondente ás mulleres galegas sitúase practicamente no 20% da poboación activa, algo máis do dobre que a masculina (9,6%). A nivel estatal a taxa de paro feminina é moito maior que a masculina pero, aínda así, está 4,4 puntos por debaixo da galega o que demostra a gravidade do caso galego en canto á situación do desemprego feminino.

Dentro dos sectores produtivos, nos servizos é onde se concentran intensamente tanto o desemprego como a ocupación feminina. Aínda así o emprego que se crea non é suficiente para satisfacer as necesidades de moitas traballadoras galegas de incorporarse ao mercado laboral e de facelo, ademais, en condicións de calidade e estabilidade.

A maior parte das galegas desempregadas están encadradas como demandantes na epígrafe de *dependentes de comercio, administrativas e limpiadoras*, o que indica o encadramento nunhas ocupacións concretas, provocando así unha saturación de demandantes en determinados sectores e dificultando o acceso ao emprego. En canto ao nivel de estudos o maior número dos paradas cursaron EXB e BUP-COU, mentres que a medida que se avanza no grao académico o paro diminúe.

Por duración da demanda de traballo, ao abeiro dos datos, o informe recolle que o paro de longa duración en Galicia é maioritariamente feminino, xa que o 44% das demandantes de emprego se atopan nesta situación, fronte ao 30% dos homes.



A maior inclusión feminina dáse nos sectores de *administracións públicas, servizos sociais e actividades do fogar*, así como *comercio e hostalaría*, pola súa vez son estes sectores os que están maioritariamente afectados pola precariedade e o subemprego. Así mesmo, hai unha maior concentración feminina nas categorías de menor recoñecemento social e económico, xa que o 14,3% das mulleres galegas desempeñan traballos sen cualificación, fronte ao 8,4% dos homes. As mulleres tenden a concentrarse nas escalas máis baixas, e os postos directivos e de xerencia seguen estando maioritariamente ocupados por homes, así dos contratos realizados en 2005 neste grupo ocupacional atopámonos con que se formalizaron 1.284 con homes por 654 con mulleres.

Retribucións e tipos de contrato

Por todo o dito, en relación coa retribución salarial, o informe conclúe que a fórmula tan apreciada de que “a igual función, igual remuneración”, non funciona no caso das mulleres, xa que de cada 100 euros que cobra un home, no mesmo tipo de traballo a muller gaña 73. A diferenza salarial aumenta en relación directa aos postos de maior nivel e responsabilidade; así, o persoal directivo feminino cobra o 68,5% do salario dos seus homólogos varóns. (Estes datos son os últimos publicados polo INE, correspondentes ao ano 2002).

O número de contratos asinados por mulleres en Galicia durante o ano 2005 foi de 363.551, incrementándose en 10.258 con respecto a 2004. Así, os contratos a mulleres representaron o 45,9% do total. Este incremento cuantitativo non se corresponde segundo o informe cun incremento cualitativo, xa que só o 8,15% do total de contratos foi de carácter indefinido. Analizando en detalle a contratación indefinida, corrobórase a maior incidencia da modalidade *a tempo parcial* entre as mulleres que entre os homes, de forma que supoñen case o 30% dos contratos estables formalizados coas mulleres galegas, unha proporción que triplica a correspondente aos homes (9,5%).

Por outra banda, a metade dos contratos indefinidos femininos subscritos en Galicia en 2005 corresponden á conversión de contratos temporais, concretamente 14.814 sobre un total de 29.642, 641 transformacións menos que en 2004. As conversións prodúcense maioritariamente no sector servizos, no cal a porcentaxe é superior á rexistrada nos homes, no resto de actividades o volume de transformacións é escaso.

En conclusión, para conseguir o obxectivo fundamental da incorporación definitiva da muller ao mundo laboral en igualdade de condicións que os homes, é necesario o compromiso de todos os axentes implicados para introducir avances significativos dentro do seu ámbito de competencias: os poderes públicos con políticas específicas, medidas de acción e desenvolvemento da rede de servizos de atención á infancia e a persoas dependentes; os axentes sociais, os empresarios e, por suposto, o conxunto da sociedade.



MEDALLA CASTELAO 2006

ÁNGEL CARRACEDO ÁLVAREZ

Nacido en Santa Comba en 1955, licenciouse en Medicina no 1978 con premio extraordinario de licenciatura, acadando o doutoramento no ano 1982. O doutor Carracedo, especializado en medicina forense, completou estudos en Suecia, EEUU e noutros países de América, Asia e Europa.

Hoxe en día é Catedrático de Medicina Legal na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela.

Así mesmo, foi director do Instituto de Medicina Legal de Santiago de Compostela, do servizo de Xenética Forense e dende 1999 da Unidade de Medicina Molecular da Fundación Ingo.

Recibiu numerosos premios, entre eles o Gallego del Mundo en Ciencia e Investigación, o da Fundación Fontenla de Medicina Legal, a Cruz ao Mérito Policial e ten o título de Fillo Predilecto do Concello de Santa Comba.



MEDALLA CASTELAO 2006

OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ

Olga Gallego Domínguez é licenciada en filosofía e letras, na sección de historia, e pertence ao corpo facultativo de arquiveiros, bibliotecarios e arqueólogos.

Ao longo da súa vida desempeñou diferentes cargos como directora do arquivo da Delegación de Facenda e da Biblioteca Pública de Vigo, directora do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, presidenta do grupo de colaboradores Marcelo Macías do Museo Arqueolóxico de Ourense e académica de número da Real Academia desde 1985.

Publicou diferentes obras e estudos, entre os que destacan *Guía de fuentes documentales sobre montes de la provincia de Ourense*; *Archivo histórico provincial de Ourense. Catálogo de textos y disposiciones legales impresas*; ou *El archivo del monasterio de Celanova*, entre outras.



MEDALLA CASTELAO 2006

AVELINO POUSA ANTELO

Nado na Barcala (A Baña), Avelino Pousa Antelo (Lucho do Peto) cursou seis anos na Universidade Pontificia Compostelá, Maxisterio en Santiago, dous cursos de Comercio en Lugo e xerente de cooperativas en Zaragoza.

Afiliado ás "Mocidades Galeguistas", tomou parte na propaganda do Estatuto de Autonomía de 1936. Agrarista e cooperativista, colabora coas sociedades agrarias barcalesas. En 1946 foi enviado á Misión Biolóxica de Galicia para prepararse para dirixir a Escola Agrícola da Granxa Barreiros de Ortoá (Sarría) que comezou o 1 de xaneiro de 1948.

De alí xordiron os Cursos Agropecuarios para mestres rurais que se celebraron en Lugo desde 1948 ata 1971 (ano en que faleceu Antonio Fernández López, que era quen os financiaba). Marchou a Orotava (Tenerife) en 1955 e alí traballou de mestre e Técnico Agrícola do Laboratorio do Cabido Insular. Regresou a Galicia en 1960 para traballar como técnico de SEMISA, empresa productora de semente.

En 1960 marchou a Zaragoza, onde dirixiu a empresa gandeira AIVESA. Regresou a Galicia en 1970, ó grupo escolar de Pontecesures, onde exerceu ata a súa xubilación en xaneiro de 1983. Actualmente é presidente da Fundación Castelao, vicepresidente da Fundación Fernández Florez e vocal das Fundacións Pedrón de Ouro e Alexandre Bóveda.

En 1963 obtén o Premio Xornalístico Ramón Mourente de temas agrarios. Un ano máis tarde, o premio "Luís Sánchez Harguindey", tamén de temas agrarios. A Asociación Galega de Cooperativas Agrarias outórgalle en 1998 a Insignia de Ouro e Esmalte da Unión de Cooperativas. Foi nomeado padriño de honra da primeira promoción de diplomados da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago (1999) e da promoción de 2002 da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense (UVI). En 2000, a Universidade Compostelá outorgoulle a súa Insignia de Ouro.

Colaborador nos anos 30 de La Voz de Barcala —órgano da Federación Agropecuaria do Distrito de Negreira—, publicou centos de artigos en xornais e revistas sobre temas agrarios e cooperativos, ademais doutros temas tamén políticos. Entre os seus libros figuran *Temas de Agricultura* (1951), *Cooperativa de explotación comunitaria para unha parroquia rural* (1968), *¿Valen ou non as cooperativas comunitarias para o campo galego?* (1971), *Reforma das Estructuras Agrarias de Galicia* (1971), *A Escola Agrícola de Granxa Barreiros* (1988) e *Galicia, tarefa urxente* (1992).